

EFEGA adhiere á plataforma “EdCivEmerg” e colabora nas xornadas “Emergkids 2013”.

A plataforma ten como obxectivo que se impartan ensinanzas de emerxencias, protección civil e seguridade vial na asignatura de Educación Civil e Constitucional.



Cartel da I Xornada Internacional de Educación Escolar en Emerxencias.

25/02/2013 EFEGA - Educación e Formación en Emerxencias de Galicia, ven de adherirse a esta iniciativa e colabora na “I Xornada Internacional de Educación e Formación en Emerxencias” impartindo un obradoiro de RCP para escolares de educación secundaria.

A recente decisión do goberno de España de transformar a asignatura da ESO, Educación para a Cidadanía, en Educación Cívica e Constitucional, levou a un grupo de profesionais e voluntarios das emerxencias, protección civil e seguridade a plantexarse a posibilidade de aproveitar este cambio para axudar a salvar vidas. Os asinates do manifesto, consideran necesario profundizar na formación en Primeiros Auxilios e Emerxencias da nosa mocidade, posto que non se contempla nos actuais currículos escolares.

O obxectivo da plataforma é conseguir que toda a cidadanía adquira coñecementos básicos en materia de protección civil, que lles permitan autoprotexerse e saber cómo desenvolverse ante unha situación crítica mentres esperan a chegada dos Servizos de Emerxencias.

Evidencias científicas

Numerosos estudos científicos corroboran a necesidade de que toda a cidadanía coñeza as técnicas de soporte vital básico. O recoñecemento da situación de paro cardíaco e a actuación por parte das testemuñas presenciais, é primordial para a supervivencia das vítimas.